

Resolución núm. 2020/11603

RESOLUCIÓN

Nomeamento de persoal eventual ao servizo do Grupo Popular

Por resolución da Presidencia de 17 de xullo de 2019 foron nomeados como persoal eventual ao servizo do Grupo Popular don Gabriel Alén Castro como coordinador do Grupo Popular e don Rubén Quintas Rodríguez como asesor político do Grupo Popular.

Por resolución da Presidencia de 24 de xullo de 2020, como consecuencia de saír electo como Deputado para o Parlamento da Xunta de Galicia nas eleccións autonómicas do 12 de xullo do presente ano, don Gabriel Alén Castro, o posto de coordinador do Grupo Popular queda vacante.

Considerando que o artigo 104 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o 176 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local regula ao persoal eventual.

Polo exposto, DISPOÑO:

Nomear ás persoas e para os postos que se indican como persoal eventual ao servizo do Grupo Popular, con efectos do día da data.

Don Rubén Quintas Rodríguez: coordinador do Grupo Popular (posto vacante).

Dona Ana M^a Fernández Morenza: asesora política do Grupo Popular (posto ocupado ata a data por Rubén Quintas Rodríguez).

O Presente nomeamento será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa notificación aos interesados/as.

Así o dispón e o asina a Presidencia, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

Asinado electronicamente por 34962672G
JOSE MANUEL BALTAR (R: P3200000B)
Presidente da Deputación de Ourense
17/09/2020 - 10:06:12

Asinado electronicamente por JUAN
MARQUINA FUENTES - 76711621C
O Secretario Xeral
17/09/2020 - 14:41:14